

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 13 de maio de 2024, ás 10.00 horas

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

DÍA: 13 de maio de 2024
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2024/15S/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 29 de abril de 2024.

2. 2023/15347X PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución das obras de “acondicionamento da OU-0304 A Armada (OU-404) – Astariz (OU-402) entre os puntos quilométricos 5+200 e 10+300, (fase 2). Concello de Castrelo de Miño”.

3. 2023/19091M PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución das obras de “acondicionamento e mellora integral na OU-0102 Xunqueira de Ambía - Polígono San Cibrao. Concello de Xunqueira de Ambía”.

4. 2023/18054A PRESIDENCIA

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2024 en relación con actuacións no Concello de Quintela de Leirado.

5. 2023/8100D PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Monterrei para a execución da obra *Balneario Requeixo*.

6. 2024/2748B PRESIDENCIA

Subvención a favor da Fundación Hospital Asilo Nosa Señora dos Anxos para gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2024.

7. ASUNTOS DE URXENCIA.

8. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.